

Os Vilares - Santalla - Ribeira de Piquín, 1979-12
 Informante: López Fernández, Florencio "o Cego dos Vilares"

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Fonsagrada II, 1, _____, Florencio 65 anos, Nadal 79

- P. IV - Un domingo pola tarde.

II,1,7.

- 1) Un domingo pola tarde
cosendo 'staba Carmiña,
sentada na air 'ò sol
e cantando "Maruxiña".
- 2) Cuendo detrás dela viu
i-un rapaz que lle decía:
"Parece qu'estás contenta;
pois Dios nos dea 'alegría."
- 3) "Lévet 'o diabo, Manolo,
cáse me poñeches medo,
que co susto que levei
clavei a agulla nun dedo."
- 4) "Pois non t'asustes, Carmiña,
qu'esto ben o sabes tu,
ó meu lado non padeces
como Dios nos dea salú."
- 5) !"Quén se fía nos rapaces,
que sóde-lo mesmo demo,
que pra enganar ás rapazas
pareceis santos do ceo.!"
- 6) "Poi-las nenas, se Dios quere,
por séreis tan zalameras,
te pra enganar ós rapaces
hasta pintai-las caxelas.
- 7) Ides tan apretaditas
que pareceis parafusas;
o que sodes as rapazas:
todas un fatón de bruxas."
- 8) "Pois os mozos, se Dios quier,
por séreis tan calaveras,
o bon soldo que ganais
non vos dá pra borracheras."
- 9) "Tés moita lingua, Carmiña,
añé chegaba pra sado
¿cuando borracho me viche
pra deci-lo que dixeches?"

45
iv sb2
iv 43d



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

Fonsagrada II, P, , Florencio 65 anos, Nadal 7

- P. IV - Un domingo pola tarde.

II,1,

- 10) "Vinte no mes de febreiro,
un tal día de San Blas,
que me pediches un bico
i aqueloutra cosa máis."
- 11) "Pois non ch'era de borracho
nin por cousa parecida,
era por saber, Carmiña,
hasta ver que oficio tiña."
- 12) "Pois boa pena te levaches,
que te quedaches con ganas
qu'eu non son daquelas mozas
que se fían de palabras."
- 13) "Pois deixémonos de conto
e ~~prá~~ non perder mai-lo tempo;
se cho parece, Carmiña,
trat~~amos~~emos do casamento."
- 14) Hai muito tempo que dis
que te querías casar,
e s'é qu'has de ter muller
tés que sabela tratar."
- 15) ~~Prepararon~~ ^{Prepararon} prá a boda,
e foron ond'ó señor cura,
e marcharon á ^{estación} ~~estación~~
dacabalo dunha burra.